

Resolución reitoral 28 de xullo de 2022, da Universidade de Santiago de Compostela, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan proxectos colaborativos campus terra no marco do Convenio de Colaboración entre a USC e a Consellería de Cultura, Educación e Universidade polo que se regula o Campus de Especialización Campus Terra.

A Universidade de Santiago de Compostela, de acordo cos seus Estatutos, é unha institución de dereito público dotada de personalidade xurídica e patrimonio propio, constituída polos campus de Santiago de Compostela e Lugo, que asume e desenvolve as súas funcións como servizo público esencial á comunidade mediante o estudo, a docencia, a investigación e a transferencia do coñecemento, actividades para as que disfruta de autonomía, de acordo con estes estatutos e no marco da lexislación vixente.

Logo do convenio asinado entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades polo cal se regula o Campus de Especialización do Campus Terra, inclúe a identificación e desenvolvemento de proxectos colaborativos entre grupos de investigación do Campus, cos obxectivos de promover liñas de investigación de interese para o mesmo e diminuír a atomización dos grupos.

Para desenvolver estes obxectivos, a Universidade de Santiago de Compostela publica esta convocatoria interna de proxectos.

Artigo 1. Obxecto da convocatoria, contía e duración.

O obxecto da convocatoria é financiar o desenvolvemento de proxectos colaborativos entre os grupos de investigación do Campus Terra, coa finalidade de realizar estudos conxuntos que favorezan a cooperación entre grupos da mesma área científica ou de diferentes áreas científicas e o desenvolvemento de novas liñas e capacidades colaborativas. Estes estudos poden ser apoiados e reforzados coa participación de empresas ou outros centros de investigación.

O importe total do orzamento irá destinado á financiar 10 proxectos colaborativos de 18.000 € cada un, repartido en dúas anualidades (8.000 para a primeira anualidade e 10.000 para a segunda) con cargo á partida **8183-272B-64100**.

O período de execución será de 18 meses dende a resolución de concesión.

Artigo 2. Requisitos de participación.

Os proxectos terán que estar vinculados a calquera das grandes áreas de coñecemento sempre e cando a investigación se relacione con algún dos 7 eixos de especialización do Campus Terra:

- Producción Vexetal e Agricultura Sostible.
- Producción e Saúde Animal Sostibles.
- Alimentación Segura e Saudable.
- Xestión Forestal Sostible.



- Tecnoloxías facilitadoras, ómicas e TICs.
- Cambio climático.
- Biodiversidade e Infraestruturas verdes.

Os proxectos deberán contar coa participación de investigadores de polo menos dous grupos do Campus Terra que figuren no Catálogo de Investigadores e Grupos de Investigación da USC, dos cales un deles non deberá ter vixente ningunha modalidade das axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas para as universidades do SUG financiadas pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Tamén poderán participar como membros dos proxectos, investigadores pertencentes a grupos de investigación adscritos ao Campus de Santiago sempre que os PDI participantes estean vinculados pola súa docencia ao Campus Terra.

Un investigador unicamente poderá participar nunha proposta.

Artigo 3. Gastos subvencionables.

1. Son gastos subvencionables os seguintes:

a) 1ª anualidade:

- Material funxible.
- Pequeno equipamento inventariable.
- Gastos de mobilidade e dietas (calculados de acordo co Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo).
- Gastos relativos a servizos da RIAIDT, asistencia técnica externa, e publicacións.

b) 2ª anualidade:

- Os relacionados na 1ª anualidade.
- Gastos de persoal para a execución de dito proxecto. No caso de novas contratacións a través de convocatoria pública, deberá constar no contrato de traballo a referencia ao convenio entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades polo cal se regula o Campus de Especialización de Campus Terra

2. Non son gastos que se poidan financiar nesta convocatoria os gastos relativos a pagos a PDI.

Artigo 4. Preparación das propostas.

As propostas presentaranse en formato PDF segundo o modelo recollido no **Anexo I** que se achegará coa presentación da solicitude de participación e deberá conter a seguinte información:

1. Datos da colaboración, na que se incluírán os investigadores participantes, indicando o grupo e a área de coñecemento á que pertencen.

2. Eixo de especialización do Campus Terra no que se enmarca a proposta, e que veñen recollidos no artigo 2 desta convocatoria. Unicamente escollerase un eixo por proxecto.
3. Memoria científica da proposta, onde se detallará o estado da arte, os obxectivos, o deseño experimental e metodoloxía empregada, así coma un cronograma de actividades e do persoal involucrado nas mesmas (extensión aproximada de 4.000 palabras).
4. Xustificación do valor da colaboración: Deberá amosar a novidade e interdisciplinaridade que supón o feito de ser un proxecto conxunto entre investigadores de grupos diferentes.

Xustificación dos conceptos de gasto e importe do orzamento solicitado segundo o establecido no artigo 3 desta convocatoria.

Artigo 5. Prazo de presentación de solicitudes e documentación requirida.

A presentación de solicitudes irá dirixida á Area de Xestión da Investigación a través da Sede Electrónica da USC (<https://sede.usc.es/sede/publica/index.htm>), achegando o **Anexo I**.

O prazo para a presentación de candidaturas será dende o día seguinte ao da súa publicación no taboleiro da USC ata o 07 de Setembro de 2022 ás 23:59 horas.

Artigo 6. Admisión das propostas.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes publicarase a resolución provisional de admitidos e excluídos, que poderá consultarse na páxina web da Vicerreitoría de Política Científica con indicación, da(s) causa(s) de exclusión.

Os solicitantes excluídos disporán dun prazo de **tres días naturais**, contados a partir do seguinte ao da publicación da citada resolución, para poder emendar ou acompañar os documentos que motivaron a súa exclusión.

A subsanación farase unicamente a través da sede electrónica da Universidade de Santiago de Compostela, dirixidas a Area de Xestión da Investigación.

Rematado o prazo de subsanación publicarase a lista definitiva de admitidos e excluídos.

Artigo 7. Selección das propostas.

As solicitudes serán obxecto de avaliación por parte da Comisión de Selección, aplicándose os seguintes criterios:

- Valorarase a calidade da proposta cun máximo de 40 puntos:
 - Viabilidade da proposta: hasta 15
 - Avaliación da metodoloxía científica e deseño experimental: 15
 - Adecuación do orzamento: 10
- A avaliación estratéxica e de oportunidade, se valorará cun máximo de 60 puntos según os seguintes criterios:

- Aliñamento da proposta cos retos específicos de cada eixo de especialización do Campus Terra (a xustificar). Valorarase ata 30 puntos, segundo o grao de adecuación.
- Participación e grao de implicación de empresas ou centros de investigación na proposta (a xustificar): ata 5 puntos.
- Retornos esperados do proxecto en relación ós obxectivos do Campus Terra (a xustificar): ata 25 puntos.

A puntuación total mínima que deberán acadar as solicitudes será de polo menos 60 puntos.

Artigo 8. Comisión de avaliación.

A comisión avaliadora estará formada por:

A comisión avaliadora estará formada:

- **Presidenta:** M^a Elvira López Mosquera. Profesora Titular USC. Área Producción Vexetal.
- **Secretaria:** Raquel Rial Otero. Profesora Titular UVigo. Área de Nutrición e Bromatoloxía.
- **Vocal 1:** Carmen Calvo Santalla. Xefa Investigación Sección XIV. Departamento de Coordinación e Desenvolvemento Tecnolóxico. CIAM.
- **Vocal 2:** Francisco Mauro Gutiérrez. Investigador María Zambrano. Universidad de Valladolid.

Comisión suplente

- **Presidenta:** Azucena Mora Gutiérrez. Profesora Titular USC. Área Microbioloxía.
- **Secretario Suplente:** Ignacio Arnaiz Seco. Laboratorio Sanidad Animal Galicia.
- **Vocal 2 Suplente:** Luis Urquijo Zamora. Xefe Xección Investigación VII. Departamento de Pastos e Cultivos. CIAM.
- **Vocal 3 Suplente:** Pedro Álvarez Álvarez. Profesor Titular UOviedo. Área de Enxeñaría Forestal do Departamento de Bioloxía de Organismos e Sistemas.

O funcionamento da Comisión de Avaliación axustarase ao previsto na Sección 3^a, do Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, relativo aos órganos colexiados.

Os membros da Comisión deberán absterse de intervir, notificándolle ao reitor da Universidade, cando concorran neles circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Así mesmo os aspirantes poderán recusar aos membros da comisión cando concorra algunha das circunstancias antes citadas.

A comisión elaborará a proposta de concesión, que será elevada ao Reitor da USC.

Artigo 9.-Órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento.

O órgano competente para a instrución do procedemento de selección será a Xerencia, previo informe da Comisión Avaliadora. O órgano competente para ditar as correspondentes resolucións de selección será o Reitor ou persoa en quen delegue.

Artigo 10. Procedemento de resolución.

A Xerencia elevará ao Reitor ou persoa en quen delegue a proposta de concesión definitiva, que será publicada na páxina web da Vicerreitoría de Política Científica, e daráselle difusión.

A resolución de concesión ou denegación definitiva adoptarase no prazo máximo dun **mes** contado desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes, e comunicarase de acordo co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, mediante a súa publicación na web da Vicerreitoría de Política Científica da Universidade de Santiago de Compostela.

De conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, contra a resolución de concesión ou denegación que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer recurso potestativo de reposición.

Artigo 11. Libramento da axuda

O total da axuda librarase coa súa aceptación de conformidade, cos procedementos, requisitos e termos establecidos nas Normas de Execución do Orzamento da USC e na normativa que resulte de aplicación.

Artigo 12. Seguimento do proxecto

- Os beneficiarios deberán presentar dúas memorias de seguimento: Memoria intermedia (Anexo II): Deberá incluír os traballos realizados ata o 31 de outubro de 2023.
- Memoria Final (Anexo III): deberá incluír os traballos realizados ata o fin do proxecto. Deberán facerse constar os resultados obtidos no proxecto en base a:
 - Sinerxia realizada entre grupos: por exemplo presentación conxunta dun proxecto nese eido a unha convocatoria competitiva de I+D+i.
 - Publicacións científicas en realización ou enviadas.
 - Capacidade formativa de persoal no proxecto.
 - Capacidade de xerar accións de transferencia ao mercado.

Artigo 13.-Recursos

Esta convocatoria poderá ser impugnada mediante recurso potestativo de reposición ante o Reitor, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Tribunal do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.



Disposición final.

O que non estea previsto nesta resolución lle será aplicable o disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e no convenio asinado entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades polo cal se regula o Campus de Especialización de Campus Terra

O incumprimento dos requisitos establecidos nesta convocatoria, a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera manipulación da información solicitada será causa de desestimación ou anulación da solicitude presentada.

A presentación de solicitudes implica o coñecemento e a aceptación destas bases.



CONVOCATORIA DE PROXECTOS COLABORATIVOS CAMPUS TERRA

Anexo I: Formulario de Solicitud

Datos da colaboración	
GRUPO COORDINADOR DA ACCIÓN	Nº de Referencia:
	Nome Curto:
COORDINADOR (IP)	
GRUPOS QUE INTEGRAN A PROPOSTA	1.-
	2.-
	3.-
PDI's QUE INTEGRAN A PROPOSTA	
TÍTULO DO PROXECTO/ ACRÓNIMO	

Eixo Estratéxico no que situar a proposta

- Producción Vexetal e Agricultura Sostible
- Producción e Saúde Animal Sostibles
- Alimentación Segura e Saudable
- Xestión Forestal Sostible
- Tecnoloxías facilitadoras, Ómicas e TICs
- Cambio Climático
- Biodiversidade e Infraestruturas Verdes



Memoria científica da proposta (Máximo 4.000 palabras)

Xustificación do valor da colaboración (Máximo 1.000 palabras)

Detalle da aplicación da axuda. Orzamento solicitado

Asinado coordinador/a do proxecto:



CONVOCATORIA DE PROXECTOS COLABORATIVOS CAMPUS TERRA

Anexo II: Formulario de Memoria Intermedia

Datos da colaboración	
GRUPO COORDINADOR DA ACCIÓN	Nº de Referencia: Nome Curto:
COORDINADOR (IP)	
GRUPOS QUE INTEGRAN A PROPOSTA	1.- 2.- 3.-
TÍTULO DO PROXECTO/ ACRÓNIMO	

Xustificación da actividade financiada (Máximo 1.000 palabras)

Detalle da aplicación da axuda

Asinado coordinador/a do proxecto:



CONVOCATORIA DE PROXECTOS COLABORATIVOS CAMPUS TERRA

Anexo III: Formulario de Memoria Final

Datos da colaboración	
GRUPO COORDINADOR DA ACCIÓN	Nº de Referencia: Nome Curto:
COORDINADOR (IP)	
GRUPOS QUE INTEGRAN A PROPOSTA	1.- 2.- 3.-
TÍTULO DO PROXECTO/ ACRÓNIMO	

Xustificación da actividade financiada (Máximo 2.000 palabras)

Detalle da aplicación da axuda e resultados obtidos

Asinado coordinador/a do proxecto:



Xacobeo 21-22

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 29/07/2022 10:52:42.

CSV: 9064-93F9-46F5-91E0